



CENTRO CULTURAL
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN
BEGONTE (Lugo)

**XVIII certame
de xornalismo
sobre "O NADAL"**

Patrocina:



CONSELLERÍA
DE CULTURA
E XUVENTUDE

O Centro cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELEN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XVIII CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

dacordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO. – 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO. – 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e catro, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constá-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL DE 1993.